

#### 14.2.c) Cursos para colectivos profesionais e público en xeral.

As escolas oficiais de idiomas poderán ofertar cursos de competencia xeral que inclúan as actividades de comprensión de textos orais e escritos, de produción e coprodución de textos orais e escritos e de mediación para cada nivel, ou por competencias parciais correspondentes a unha ou máis das ditas actividades de lingua.

Estes cursos, que poderán ir destinados a distintos colectivos profesionais, como resultado do establecemento de convenios ou acordos por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ou ao público en xeral, terán as características de acceso, calendario e certificación que se determinen en cada caso.

Estes cursos terán unha organización modular cunha duración de 30, 60 ou 120 horas e poderán ofertarse na modalidade presencial ou semipresencial, de acordo coas directrices e condicións de acceso que estableza a Dirección Xeral de Formación Profesional, que os poderá autorizar logo da solicitude motivada da Dirección do centro, que inclúa a programación, duración e calendario de impartición, e do informe favorable do Servizo de Inspección Educativa.

A programación destes cursos axustarase aos niveis correspondentes do Marco común europeo de referencia para as linguas e nela constarán de forma expresa os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, e a súa oferta estará supeditada á dispoñibilidade de recursos humanos existentes na escola.

